

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA.  
3º TRIMESTRE  
EDUCACIÓN MUSICAL  
CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE FIGUEIROA  
MATERIA: ED. MUSICAL  
DATA: 10 DE MAIO DE 2020

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES TRABALLADOS NO TERCEIRO TRIMESTRE	
Estándares de aprendizaxe traballados no 3º trimestre	Grao mínimo de consecución (Perfil de área)
<b>1º CURSO DE ED. PRIMARIA</b>	
1º-EMB1.1.1-Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	Realiza as actividades.
1º-EMB2.1.1-Repite esquemas rítmicos escoitados.	Repite sen equivocarse esquemas rítmicos de dous compases en negras e corcheas.
1º-EMB2.2.1-Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	Canta a ritmo e lembrando a letra con acompañamento de acenos o repertorio traballado.
1º-EMB2.3.1-Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	Realiza acompañamentos con esquemas rítmicos sinxelos.
1º-EMB3.2.1-Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	Distingue ritmos rápidos e lentos.
1º-EMB1.1.3-Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.	Recoñece sons moi contrastados.
1º-EMB1.1.4-Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.	Distingue a interpretación dunha canción en función da voz utilizando medios dixitais.
1º-EMB2.1.2-Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	Constrúe instrumentos de percusión básicos con elementos cotiáns.
1º-EMB3.1.1-Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música.	Lembra os movementos coreográficos con axuda.
<b>2º CURSO DE ED. PRIMARIA</b>	
2º-EMB1.1.1-Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.	Participa nos xogos.
2º-EMB1.5.1-Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca, negra e parella de corcheas.	Escribe as notas e figuras traballadas.
2º-EMB1.5.3-Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.	Emprega o computador.
2º-EMB1.6.1-Recoñece e identifica algúns instrumentos e clasifícaos por familias.	Distingue os instrumentos de vento, corda e percusión.
2º-EMB2.1.1-Repite esquemas rítmicos escoitados.	Realiza exercicios de ecos con corrección.
2º-EMB2.3.1-Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.	Canta con interese.
2º-EMB2.4.1-Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.	Realiza ostinatos co corpo e cos instrumentos.
2º-EMB2.1.2-Crea pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.	Realiza maracas con materiais de reciclaxe.
2º-EMB3.2.1-Responde co seu corpo a estímulos sonoros.	Responde adecuando o seu movemento ás variacións de ritmo.

**3º CURSO DE ED. PRIMARIA**

3º-EMB1.3.1-Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	Distingue voces masculinas e familias de instrumentos.
3º-EMB2.1.1-Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	Le con corrección ritmos sinxelos.
3º-EMB2.1.2-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	Realiza ditados rítmicos sinxelos (negras-corcheas).
3º-EMB2.1.3-Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento.	Coñece a letra e o ritmo e fai unha interpretación aceptable.
3º-EMB3.1.1-Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	Adecúa o seu movemento ao ritmo e expresión da música.
3º-EMB2.2.1-Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dados previamente, coñecidos e/ou manexados.	Crea unha partitura nova de cando menos 4 compases.
3º-EMB2.3.2-Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	Fai instrumentos da tradición popular.
3º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías.	Realiza coreografías.
3º-EMB3.2.1-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	Adecúa o seu movemento ao ritmo e expresión da música.

**4º CURSO DE ED. PRIMARIA**

4º-EMB1.3.1-Distingue e clasifica tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	Distingue voces masculinas e femininas.
4º-EMB1.3.3-Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	Completa con figuras axeitadas compases incompletos.
4º-EMB1.4.2-Clasifica os instrumentos por familias: vento, corda e percusión.	Relaciona axeitadamente cada instrumento coa súa familia.
4º-EMB1.5.3-Representa graficamente, con linguaxe musical convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	Realiza ditados musicais (rítmicos e melódicos)
4º-EMB2.3.2-Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	Realiza pequenos instrumentos de percusión.
4º-EMB3.2.1-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	Móvese coordinadamente na realización dos bailes e segue os ritmos da música.
4º-EMB1.4.1-Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	Identifica en audicións os distintos instrumentos solistas.
4º-EMB2.1.2-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	Escribe e interpreta pequenos esquemas rítmicos.
4º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	Realiza pequenas coreografías retendo as partes da mesma.

**5º CURSO DE ED. PRIMARIA**

5º-EMB1.2.1-Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto.	Recoñece instrumentos, velocidade e expresividade.
5º-EMB1.3.1-Distingue e clasifica tipos de voces, e agrupacións vocais e corais.	Distingue voces masculinas e femininas.
5º-EMB1.3.3-Identifica, clasifica e completa os compases traballados.	Recoñece os compases incompletos.
5º-EMB1.5.1-Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.	Recoñece os instrumentos máis usuais.
5º-EMB1.5.2-Clasifica os instrumentos atendendo á súa forma de producir o son (aerófonos,	Clasifica os instrumentos por familias.

cordófonos, membranófonos, idiófonos e electrófonos)	
5º-EMB2.1.2-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos.	Realiza ditados ( melódicos e rítmicos) con certa corrección.
5º-EMB2.3.2-Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.	Realiza instrumentos cunha sonoridade aceptable.
5º-EMB3.1.2-Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	Propón pequenas coreografías ou movementos para as mesmas.
5º-EMB1.4.1-Procúra e selecciona a información de xeito autónomo e con sentido crítico.	Procúra información e a contrasta.

#### 6º CURSO DE ED. PRIMARIA

6º-EMB1.2.1-Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas.	Identifica os instrumentos solistas dunha peza musical.
6º-EMB2.2.1-Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais.	Clasifica axeitadamente os instrumentos nas súas familias.
6º-EMB2.2.3-Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos.	Realiza ditados con corrección.
6º-EMB2.3.1-Procúra información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.	Elabora informes usando distintas fontes, e preséntaos ordenados.
6º-EMB3.1.5-Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.	Memoriza os movementos coreográficos.
6º-EMB3.1.2-Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.	Móvese coordinadamente.

#### AS COMPETENCIAS TRABALLADAS NO TERCEIRO TRIMESTRE

Durante este trimestre traballaremos fundamentalmente na área de música as competencias lingüística (CL), matemática e científico tecnolóxica (CMCT), a competencia dixital (CD) a competencia aprender a aprender (CAA) e a competencia conciencia e expresións culturais (CCEC)

As dúas primeiras -CL e CMCT- son ferramentas necesarias para o desenvolvemento dunha aprendizaxe eficiente e autónoma. No deseño das actividades buscarei desenvolver a comprensión e expresión escrita e oral, a interpretación de recitados e lecturas de cancións, a busca de información, ampliación de vocabulario e elaboración de textos. E ao mesmo tempo buscarei actividades destinadas a achegarse aos contidos básicos de música na súa estreita relación coa ciencia e coa matemática tratando de deseñar tarefas que teñan en conta os procesos de acceso e comprensión de contidos, aplicación e análise dos mesmos e de síntese e creación.

En canto á Competencia Dixital o propio sistema telemático de traballo está favorecendo a utilización de aplicacións e ferramentas tecnolóxicas novas e a utilización destes recursos tanto para a busca de información e creación de contido coma para o desenvolvemento do mesmo.

A forma de traballo empregada supón activar no alumnado técnicas de aprender á aprender destacando a organización autónoma, a capacidade de seguir orientacións e facer un uso correcto das mesmas e ter confianza e motivación para sentir que son quen de abordar o traballo de outro xeito. Polo tanto, a Competencia de Aprender a Aprender é outra das competencias que se está a traballar de forma exhaustiva.

Por último, a Competencia de Conciencia e Expresión Cultural (CCEC) ten gran importancia no desenvolvemento dos contidos desta área.

## 1. Avaliación e cualificación

En Educación Primaria a programación é realizada dende as titorías polo que os procedementos e instrumentos empregados son válidos para todas as materias.

<b>Avaliación</b>	<b>Procedementos:</b> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Observación sistemática a través de aplicacións telemáticas.</li><li>2. Análise de producións.</li><li>3. Intercambios orais co alumnado.</li><li>4. Probas específicas.</li></ol>
	<b>Instrumentos:</b> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Listas de control de realización de actividades propostas.</li><li>2. Análise de traballos propostos ao alumnado tales como informes, resumes, gravacións, etc.</li><li>3. Entrevistas co alumnado.</li><li>4. Resolución de exercicios e actividades propostas.</li></ol>
<b>Avaliación Terceiro Trimestre e cualificación final</b>	<p>A avaliación realizada terá como finalidade o diagnóstico da situación de cada alumno e será formativa. Terá como finalidade ben a recuperación da materia non superada en trimestres anteriores ou poderá mellorar a cualificación anual dos alumnos.</p> <p>Nos cursos onde a avaliación ordinaria desta área era continua (1º e 2º nivel de primaria) a nota coincidirá coa da segunda avaliación se esta é positiva e poderá valorarse un incremento da mesma se o mestre á vista do traballo realizado por cada alumno ou alumna neste terceiro trimestre o considera oportuno. No caso de alumnado coa materia pendente nos primeiros trimestres valorarase a recuperación da mesma á vista do traballo realizado.</p> <p>No caso dos cursos nos cales a avaliación ordinaria desta materia proceda da media aritmética dos trimestres (3º, 4º, 5º e 6º) farase sobre os tres trimestres se a avaliación dos dous primeiros era positiva e terase en conta o terceiro trimestre (que dá a opción de recuperar os dous primeiros en caso de que non fose positiva)</p>
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>O alumnado coa materia pendente en primaria será avaliado no curso que actualmente estea realizando desta materia. No momento en que un alumno logra o aprobado considerase que superou a materia do curso anterior.</p>

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Neste momento todo o alumnado traballa con conectividade. A maiores, o alumnado de 5º e 6º traballa cada un co seu portátil xa que formamos parte do proxecto E-Dixgal.</p> <p>A metodoloxía seguida nesta situación de aprendizaxe non presencial está sustentada, no uso da plataforma EVA do proxecto E-Dixgal, a través da cal enviamos e recibimos traballos do alumnado do terceiro ciclo, no uso de correos electrónicos coa mesma finalidade para o alumnado do primeiro e segundo ciclo de primaria e na utilización de actividades interactivas e no deseño de actividades interdisciplinares propias.</p> <p>A planificación nesta área é semanal ou quincenal subindo, a proposta de tarefas cada fin de semana á páxina web do centro educativo. Este material telemático fai posible poder continuar cunha rutina de traballo e un hábito de estudo que segue permitindo a consolidación, repaso e reforzo das aprendizaxes realizadas no primeiro e segundo trimestre e así, poder darlle continuidade ao proceso educativo. Ao mesmo tempo, utilizo a mensaxería de Abalar para que en todo momento o alumnado poida interactuar comigo e facer preguntas ou pedir axuda.</p> <p>As actividades propostas poden ser interactivas e autoavaliabes ou poden ser enviadas como tarefas que logo corriximos e comentamos a cada alumno. Tamén aportamos solucionarios daquelas actividades que resultaron máis difíciles ou que propiciaron moitas dúbidas. Con Abalar móbil facemos chegar avisos ou comentarios ás familias sobre o seguimento do alumnado así como titorías.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Portátil E-dixgal Proxecto E-Dixgal. Repositorio Abalar. Correos electrónicos. Realización de vídeos e audios explicativos. Tarefas e actividades deseñadas. Materiais dixitais seleccionados. Uso de aplicacións informáticas das que dispoñen no portátil. Biblioteca dixital ELBE- 2 Biblioteca do centro.</p>

<b>3. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Farase unha comunicación ás familias empregando o Abalar Móbil.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.